

## I CRITERIUM OURENSE ATLETISMO LANZAMENTOS

### Venres, 27 de decembro de 2.024 – Pistas “Josefina Salgado”

1. O Club Ourense Atletismo, organiza o día 27 de decembro de 2.024 o I CRITERIUM OURENSE ATLETISMO DE LANZAMENTOS de atletismo en pista ao aire libre nas Pistas “Josefina Salgado” (Pereiro de Aguiar – Ourense), baixo o control do Comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo.
2. **Horario** de competición:

HORA	PROBA	CATEGORIA E SEXO		PARTICIPANTES
15:45	LANZAMENTO DE MARTELO	SUB14 ata sub20	Mixto	10
15:50	LANZAMENTO DE PESO	SUB14 en adiante	Masculino	12
16:45	LANZAMENTO DE DISCO	SUB14 en adiante	Mixto	10
17:00	LANZAMENTO DE PESO	SUB14 en adiante	Feminino	12
17:40	LANZAMENTO DE XABALINA	Sub14 en adiante	Mixto	8

3. **Participación**

A proba estará incluída como proba de nivel II no Calendario Nacional da RFEA e poderán participar todos/as os/as atletas federados/as que teñan licencia federativa en vigor para a tempada actual (2024). Os resultados publicaranse na web <https://atletismo.gal>

4. **Inscrición**

- As inscricións formalizarase na intranet da RFEA ata ás 22h. do sábado 21 de decembro. Comunicar as renuncias ata as 22 horas do luns 23 de decembro no enderezo electrónico [club@clubourenseatletismo.es](mailto:club@clubourenseatletismo.es)
- A inscrición terá un custe de 4€ agás os atletas do Clube Ourense Atletismo e asociados. A inscrición abonarase no momento de recoller os dorsais por parte dos delegados de cada equipo.
- Cada atleta poderá inscribirse nun máximo de dúas probas.
- No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas da tempada 2024. Independentemente das marcas, sempre terán preferencia na inscrición o clube organizador (incluídos atletas con carta de compromiso para 2025) e os seus asociados.

NÚMERO INTENTOS:

- 4 intentos

A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente a sanción será de 4€ por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito no correo electrónico [club@clubourenseatletismo.es](mailto:club@clubourenseatletismo.es) con unha antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo. Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas a F.G.A. 6€ por atleta con datos falsos.

5. **Normativa**

Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.